

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DOCE DE XUÑO DE DOUS MIL DEZANOVE.

En Paradela, a doce de xuño de 2019

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial, sendo as trece horas e doce minutos, réunese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en sesión extraordinaria, baixo a Presidencia do Alcalde, D. José Manuel Mato Díaz e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D. DIEGO LÓPEZ CALDAS
- D^a M^a MONTSERRAT MULET SAR
- D. BENJAMÍN LÓPEZ MATO
- D. MANUEL REGUEIRO LÓPEZ
- D. JESÚS PABLO LÓPEZ GONZÁLEZ

Non asisten D^a SONSOLES LÓPEZ IZQUIERDO, D^a ANA BELÉN LÓPEZ ÁLVAREZ e D. MARTÍN LÓPEZ LÓPEZ xustificando a súa ausencia.

Asiste o Secretario-Interventor da Corporación, José López González, que da fe do acto.

A continuación procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

PUNTO ÚNICO.- APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O VINTE E DOUS DE MAIO DE 2019.

Polo Sr. Alcalde, que preside a sesión, procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar ao borrador da acta da sesión extraordinaria celebrada polo Pleno o día 22 de maio de 2019; da que a minuta foi distribuída coa convocatoria, todo ao abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Sometése a aprobación do borradores da acta da sesión extraordinaria celebrada polo Pleno o día 22 de maio de 2019. O resultado foi de aprobación pola unanimidade dos seis Concelleiros que asisten á sesión (cinco do Grupo Municipal do Partido Popular e un do Grupo Municipal do Partido Socialista), sendo nove o seu número legal de membros.

A continuación pos parte do Secretario-Interventor procédese a leer unhas verbas que foron remitidas polos Concelleiros Dona Sonsoles López Izquierdo e Don Martín López López.

As verbas de Dona Sonsoles López Izquierdo son as seguintes:

Querido Alcalde, compañeiros, Sr. Secretario, funcionarios:

Quixera desculparme por non poder estar hoxe aquí pechando esta legislatura pero as miñas novas responsabilidades me obrigan a estar a estas horas en Madrid.

Soamente quero transmitir o meu agradecemento por estes anos nos que, con momentos máis ou menos agradables, puiden desfrutar do traballo por e para este Concello.

Foron anos nos que aprendín moito e sempre tratei de aportar todo o posible para acadar obxectivos favorables para Paradela e os seus veciños. De seguro que todos coincidides comigo en que foi unha honra e un privilexio representar ao pobo de Paradela defendendo os seus intereses.

Para aqueles que repitan na corporación, quero facervos chegar os meus parabéns e mellores desexos para a nova lexislatura, esperando que teñades acertos e éxitos que redundarán no benestar dos nosos veciños.

Con honestidade e traballo é seguro que así será.

Reitérovos a miña dispoñibilidade para axudar a Paradela dende as posibilidades que o meu novo posto me procure.

Afectuosos saúdos, vémonos por Paradela!

Sonsoles López Izquierdo.

As verbas de Don Martín López López son as seguintes:

Estimadas compañeiras e estimados compañeiros:

Antes de nada pedir perdón por non estar presente no derradeiro pleno desta lexislatura, tiña unha viaxe planificada de fai tempo, que coincidiu cos esta situación.

Escribo estas liñas nada máis que para mostrar o meu agradecemento. Moi poucos saben o que se sente e o que é traballar na política local, para e por as túas xentes, e eu tiven a sorte de estar catro anos vinculado a este ámbito. Ten cousas duras, como todos sabedes, pero tamén ten outras moitas cousas que fan a un sentirse moi orgulloso. Aprendín moito, coñecín moita xente, todo co que me quedo desta etapa é positivo.

Tamén quero pedir perdón por todos os erros cometidos, non é tan doado como se aprecia dende fóra.

Por outra banda, quero agradecer aos funcionarios e funcionarias do concello de Paradela todo o seu apoio, sempre axudando e traballando arreo para que todo funcione perfectamente. Con este plantel actual o día a día do Concello de Paradela está nas mellores mans posibles.

Por último, animar aos que continuades como concelleiras e concelleiros a seguir traballando por e para Paradela, e os que non seguimos, aportaremos o noso grao de area para que todo vai en liña ascendente. O teléfono de Martín estará sempre operativo para Paradela

Moitas Gracias

En Paradela a 7 de xuño de 2019

Martín López López.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levantou a sesión sendo as trece horas e vinte minutos do doce de xuño de dous mil dezanove, exténdose a presente acta da que coma Secretario-Interventor dou fe.

**Visto e prace
O Alcalde en funcións**

O Secretario-Interventor